

VI. A- BOLSAS DE MASTERS ORIENTADOS Á INVESTIGACIÓN

1.- OBXECTIVO

O obxectivo desta convocatoria é subvencionar aos/ás estudantes integrados en grupos de investigación que estean a realizar un máster de investigación na Universidade de Vigo, e que en función da súa capacitación e formación poidan converterse en novos investigadores e investigadoras.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria ooVI 131H 482.02 Bolsas Terceiro Ciclo/Posgrao.

3.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Establécense un total de 15 bolsas de nova adxudicación para alumnos e alumnas matriculadas nun máster de investigación impartido na Universidade de Vigo.

4.- REQUISITOS DOS E DAS SOLICITANTES

As persoas solicitantes das bolsas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- A data de fin dos estudos que deron acceso aos estudos de master debe ser posterior a 1 de xaneiro de 2009, agás nos casos detallados deseguido, nos que debe ser posterior a 1 de xaneiro de 2006.
 - As mulleres que acrediten terse adicado á atención e coidado dos fillos menores de cinco anos entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 1 de xaneiro de 2012.
 - As persoas licenciadas que acrediten a súa colaboración con algunha ONG entre os anos 2007 e 2012.
 - As persoas licenciadas en Medicina, Farmacia, Bioloxía, Química ou Psicoloxía, que no momento de solicitar a bolsa estean en posesión do título oficial da especialidade médica (MIR) ou farmacéutica (FIR) ou que conten co certificado oficial da Especialidade en Bioloxía (BIR) Química (QUIR) ou Psicoloxía (PIR).
- Estar admitidas a tempo completo na etapa de formación dun programa de doutoramento da Universidade de Vigo. Pedirase a acreditación da matrícula, no caso de concesión da axuda, con anterioridade á aceptación da bolsa.
- Ter unha nota media do expediente académico ponderada pola nota media da titulación de acordo co Anexo III igual ou superior a 1,00.
- En caso de cumprir os requisitos, ter solicitado en prazo a bolsa de posgrao na convocatoria da Xunta de Galicia de existiren dita convocatoria.

5.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes en modelo normalizado VI.A, dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I., ou equivalente
- No seu caso, copia da solicitude de bolsa de posgrao presentada na Xunta de Galicia.
- Fotocopia compulsada do título académico que deu acceso ao máster, ou do resgardo de pagamento das taxas para a expedición do mesmo.
- Informe de admisión ou compromiso de ingreso de cada solicitante como membro dun grupo de investigación rexistrado no Servizo de Investigación emitido polo investigador ou investigadora principal do mesmo.
- Certificación académica detallada dos estudos que deron acceso aos estudos de máster na que figuren as calificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico.

No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

Quen accede ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou diplomada ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico, deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros non estatais deberán achegar as oportunas táboas de equivalencias oficiais das calificacións e a nota media da correspondente titulación, expedidas por un organismo oficial, sendo este un requisito indispensable para a admisión e avaliación da solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o **28 de setembro do 2012**.

6.- CONTÍA E PERÍODO DE DESFRUTE

A dotación total da bolsa será de 7.000 €(custos incluídos).

O período de disfrute das bolsas será como máximo do 1 de xaneiro de 2013 ao 31 de xullo de 2013, considerándose, non obstante, causa legal e suficiente para a rescisión da bolsa non superar o informe-avaliación ó que necesariamente se someterá a persoa beneficiaria de axuda no sexto mes de disfrute da mesma, ou o cese da vinculación co período de formación.

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado polo beneficiario ou beneficiaria no que se compromete a cumprir tódalas condicións recollidas nas presentes bases, e iniciaranse entón os trámites para proceder aos correspondentes pagamentos.

7.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas, tomando como base os seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico de cada solicitante ponderada pola nota media da titulación de acordo co Anexo III.

No caso de titulacións de segundo ciclo, baremaranse os expedientes tomando a nota media ponderada para cada ciclo e calculando a media entre ámbalas dúas.

En caso de empate, terase en conta: 1º media do expediente académico, 2º menor número de suspensos, 3º maior número de matrículas de honra.

A Comisión de Investigación ordeará as solicitudes priorizando o mellor expediente que cumpra os requisitos de cada titulación, sempre que se supere unha nota media ponderada de 1,00. Despois haberá unha lista cos seguintes mellores expedientes independentemente da súa titulación.

Intentarase elixir solicitudes de ámbitos de coñecemento diferentes, en caso de existir solicitudes axeitadas que superen uns mínimos de calidade ó xuízo da Comisión de Investigación, co fin de incentivar as mellores candidaturas dentro de cada ámbito.

No caso de empate nas puntuacións, a Comisión poderá establecer mecanismos de selección adicionais que constarán na resolución provisional e definitiva de concesión destas axudas.

Quedarán excluídas as persoas solicitantes que teñan concedida unha bolsa de doutoramento (FPI, FPU, Xunta de Galicia, MINECO).

8.- CONDICIÓN DO DESFRUTE DA BOLSA E OBRIGAS DOS BOLSEIROS E BOLSEIRAS

O disfrute desta bolsa é incompatible con calquera outra axuda de análoga natureza financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial ou que supoña contraprestación dineraria. Non obstante, as axudas de este programa sí serán compatibles coas percepcións que procedan de tarefas docentes ou investigadoras directamente asociadas coa actividade de investigación desenvolta polo persoal investigador en formación e cos complementos provenientes do seu proxecto de I+D, de contratos realizados en aplicación a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, debendo neste caso ser comunicadas á Vicerreitoría de Investigación para a súa autorización previa. As persoas beneficiarias deberán comunicar ao órgano concedente se se produce o caso, a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos de natureza similar á concedida, que lles cheguen tan pronto teñan coñecemento o que poderá supoñer a minoración ou rescisión da actual axuda, segundo a consideración da Vicerreitoría de Investigación.

Estas bolsas non establecen relación contractual coa Universidade de Vigo, nin supoñen compromiso de futura incorporación á mesma.

O beneficiario ou beneficiaria deberá realizar o seu labor de formación e colaboración cunha adicación de 10 horas semanais no grupo de investigación de aplicación da bolsa, sendo

necesario para calquera cambio de grupo de investigación, ou de proxecto de investigación, paralización do mesmo ou ausencia temporal xustificada, solicitar autorización previa do investigador ou investigadora principal do grupo. Deberá remitir copia da solicitude e autorización á Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo.

Os bolseiros e bolseiras están obrigados a comunicar á Vicerreitoría de Investigación, se é o caso, a renuncia á bolsa tan pronto como se produza a causa que a determine.

Cando a persoa beneficiaria da bolsa cese, será substituída por unha das suplentes, sempre que reste un período de disfrute igual ou superior a 6 meses.

O bolseiro ou bolseira durante o mes de xuño de 2013 (ou cando renuncie ou cese) deberá remitir a Vicerreitoría de Investigación unha memoria (máximo 500 palabras) que reflecta o labor formativo realizado e os seus resultados, facendo especial referencia aos obxectivos acadados. Na memoria deberá figurar o visto e prace do investigador ou investigadora principal do grupo no que está integrado..